

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Volume	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Desde as orixes da civilización, os seres humanos necesitaron crear obxectos tridimensionais, tanto para responder a necesidades funcionais coma movidos por intencións lúdicas, relixiosas ou artísticas. En todas as producións humanas pode rastrexarse unha intención estética que unhas veces se produce dunha maneira intuitiva e emocional e outras é o resultado dun proceso racional máis ou menos sofisticado. A materia de Volume ocúpase especificamente do estudo da forma e do espazo tridimensional no ámbito da expresión artística, atendendo ás calidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos.

A materia de Volume trata tanto do desenvolvemento da percepción sensorial, intelectual e crítica das formas coma da creación de obxectos tridimensionais, vertentes ambas estreitamente vinculadas. Esta dimensión da materia conecta o mundo das ideas co das formas para partir do coñecemento da linguaxe plástica e do uso de materiais, procedementos e técnicas de configuración tridimensional, así como doutros elementos de configuración formal e espacial, da análise da representación espacial e da aplicación da metodoloxía xeral do proxecto de creación de obxectos tridimensionais. Espérase con iso que o alumnado adquira xunto á capacidade de percepción espacial, táctil e cinestésica un dominio técnico e unhas habilidades creativas capaces de mobilizar o pensamento diverxente, como manifestación da capacidade humana para propoñer múltiples respostas ante un mesmo estímulo.

O alumnado adquirirá unha visión xeral, tanto das técnicas e procedementos escultóricos máis innovadores coma dos máis tradicionais, para que identifique as propiedades e particularidades expresivas dos distintos materiais, como barro, madeira, pedra, mármore ou metais, entre outros, e comprenda que pode achegar cada un á función de cada obxecto e a intencionalidade da proposta creativa, considerando o contexto cultural no que se traballa. Do mesmo xeito, debe reflexionar sobre os útiles e as ferramentas máis adecuados para cada produción artística. Abórdanse tamén aspectos relacionados coa composición no espazo, fomentando a expresividade e o desenvolvemento do deleite estético e sensorial, para favorecer o crecemento persoal, social, académico e profesional. Outro aspecto importante ao que se debe prestar atención desde esta materia é a reflexión sobre a necesidade de facer un uso adecuado e responsable dos materiais e as ferramentas, atendendo ao seu impacto ambiental e á prevención e ao tratamento dos posibles residuos que se xeren, desenvolvendo así unha actitude crítica, sostible, inclusiva e innovadora ante a experiencia artística.

Estes fins vehiculan os obxectivos da materia de Volume definidos a partir dos obxectivos xerais e as competencias clave previstas para a etapa de bacharelato. A consecución dos devanditos obxectivos implicará a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos e habilidades necesarios para propoñer e levar a cabo solucións factibles na creación de propostas volumétricas. Ademais, contribuirá a desenvolver a súa capacidade crítica e estética, utilizando o vocabulario específico adecuado para fundamentar os seus xuízos sobre distintas creacións volumétricas, desde o respecto cara á diversidade e cara ao patrimonio artístico e cultural. Para unha mellor adquisición dos obxectivos da materia é necesario propoñer proxectos que lle permitan ao alumnado mellorar o desempeño das habilidades requiridas para o traballo coas formas volumétricas, considerando a incorporación de ferramentas dixitais cando resulte pertinente.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia organízanse en catro bloques, que non deben acometerse obrigatoriamente por separado, nin na orde en que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das distintas situacións de aprendizaxe, o que facilita unha visión global da materia e responde a retos de progresiva complexidade. O primeiro bloque, «Técnicas e materiais de configuración», atende aos materiais e procedementos esenciais no traballo escultórico. O segundo bloque, «Elementos de configuración formal e espacial», comprende a linguaxe e as tipoloxías das formas volumétricas. O terceiro bloque, «Análise da representación tridimensional», recolle os elementos da forma no espazo e a súa presenza no patrimonio artístico. Finalmente, o bloque chamado «Os proxectos de arte e deseño tridimensionais» ocúpase das metodoloxías proxectuais e os aspectos profesionais vinculados con este campo.

O feito de estar cursando un bacharelato de artes fai que o alumnado acceda ao centro desde orixes xeográficas e escolares moi variadas: unha parte reside na contorna do instituto e ven de impartir a ESO nel, outra procede doutros centros da localidade, IES As Bizocas e da comarca.

Volume trátase unha materia optativa no noso centro, contamos co alumnado da modalidade de artes heteroxéneo, persoal e academicamente, o que precisa unha atención individualizada que permite a ratio actual deste grupo.

En canto o contexto do centro IES Monte da Vila, está sito na vila de O Grove, e nel impártense as ensinanzas de ESO, bacharelatos de Artes, Ciencias naturais, Ciencias sociais e Humanidades, a Formación Profesional de grado básico de Informática de Oficina e a Formación Profesional de grado medio de Sistemas Microelectrónicos e Redes.

O Grove sitúase na costa da provincia de Pontevedra, formando unha península que pecha a ría de Vilagarcía polo sur. Trátase dunha vila fundamentalmente mariñeira e rural, cunha poboación de case once mil persoas dedicadas a explotación dos recursos do mar, da ría e servizos. Na vila hai outro centro público da ESO de onde proceden a metade dos alumnos do noso bacharelato.

O alumnado é de clase media ou media-baixa, e fundamentalmente bilingüe con presenza tanto de galego como de español como linguas vehiculares. Tendo en conta os recursos da zona e as súas posibilidades, parécenos axeitado recorrer a eles para introducir na programación contidos teóricos e prácticos de interese común, así como, participar de forma activa nas propostas do centro e de diferentes entidades do Grove.

As características do alumnado son variables destacando a alta cantidade de alumnado con situacións sociais complexas e, en consecuencia, en diversas ocasións, con dificultades económicas, o que debe apuntarse para unha mellor atención individualizada dos estudantes do noso centro.

Os resultados académicos dos últimos tres anos son moi positivos. Isto débese á metodoloxía empregada e á utilización dos recursos ao noso alcance, como poden ser as aula-taller. Esta metodoloxía é participativa, motivadora e individualizada, cuestións necesarias para levar a cabo a materia.

Hai que subliñar, a creatividade do alumnado en xeral e a apreciación que estes teñen cara ás materias artísticas. Este feito xera un ambiente de traballo positivo e motivador, que se reflicte tanto nos resultados académicos coma na participación en diferentes actividades do centro ou da comunidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar os fundamentos compositivos da linguaxe tridimensional en obras de diferentes épocas e culturas analizando os seus aspectos formais e estruturais, así como os canons de proporción e elementos compositivos empregados, para aplicalos a producións volumétricas propias equilibradas e creativas.	1			1	40	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional partindo da análise de obxectos e obras de diferentes artistas nas que se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido, para elaborar producións tridimensionais con diferentes funcións comunicativas e respectuosas da propiedade intelectual.	1	3		1	40	1		1-2
OBX3 - Realizar propostas de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de produción máis adecuados, para resolver problemas de configuración espacial e apreciar as calidades expresivas da linguaxe tridimensional.					50	4		31-32-41
OBX4 - Elaborar proxectos individuais ou colectivos adecuando os materiais e os procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución, para valorar a metodoloxía proxectual como forma de desenvolver o pensamento diverxente na resolución creativa de problemas.	3		3	3	31-32		3	31-41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O volume: elementos de configuración formal e espacial. Composición espacial.	Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. Relación entre forma, escala e proporción. O movemento. A luz. Relación entre forma e estrutura. Campos de forza, equilibrio, dinamismo etc. As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade). Principios do deseño tridimensional.	30	45	X	X	X
2	Procedementos e técnicas de configuración tridimensional.	Técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). Materiais e ferramentas.	35	45	X	X	X
3	Análise das obras tridimensionais.	Tipoloxías da escultura. Arte obxectual e conceptual. Iconicidade. Percorrido histórico polas obras tridimensionais, desde unha perspectiva universal e inclusiva. Difusión e acceso ás obras.	15	20		X	X
4	O proxecto de creación tridimensional.	Metodoloxía proxectual no proxecto artístico e no de deseño de produto. Ámbitos profesionais do deseño tridimensional. Propiedade intelectual.	20	30		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O volume: elementos de configuración formal e espacial. Composición espacial.	45

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	Traballar con autonomía, poñendo en práctica coñecementos técnicos e axustándose aos requirimentos.		
CA2.1 - Estudar os aspectos máis notables de pezas volumétricas identificando as diferenzas entre o estrutural e o accesorio.	Recoñecer os elementos básicos do volume, diferenciando a aparencia externa da estrutura.		
CA2.2 - Describir formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos tridimensionais aplicando a terminoloxía específica da materia.	Manexar a terminoloxía específica do volume, describindo aceptablemente as formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos.		
CA2.4 - Elaborar producións volumétricas cunha función comunicativa concreta, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade.	Ser capaz de crear pezas, tanto figurativas como abstractas, tendo en conta non só a aparencia externa, senón os aspectos conceptuais, a estrutura interna e unha intención comunicativa concreta.		
CA3.3 - Analizar os aspectos máis notables da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	Analizar os aspectos básicos da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	TI	100
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuindo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sostibilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Poñer en práctica os aspectos metodolóxicos proxectuais introducidos polo profesorado nas creacións tridimensionais individuais e colectivas e/ou colectivas e ser capaz de deseñar un proxecto sinxelo.		
CA4.2 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos asumindo diferentes funcións, valorando e respectando as achegas e as experiencias dos demais e identificando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional que ofrece.	Levar a cabo as tarefas que se lle asignan na posta en práctica dun proxecto artístico.		
CA4.3 - Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	Ser capaz de crear obxectos cunha finalidade determinada, superando estereotipos creativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sostibles, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estructuras e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). - As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor.

Contidos

- Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción.
- As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo.
- Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas.
- Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade).
- Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional.
- A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos.
- Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos.
- Escultura, obras de arte, artesanía e deseño tridimensional no patrimonio artístico e cultural universal e galego. Contexto histórico e principais características técnicas, formais, estéticas e comunicativas.
- Tipoloxías da escultura. Relevo e escultura exenta.
- A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural.
- Arte obxectual e conceptual. A instalación artística. Artes performativas.
- Graos de iconicidade nas representacións escultóricas. Hiperrealismo e efectos especiais, realismo, abstracción, síntese, estilización.
- As posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional e o seu uso creativo na ideación e realización de obra orixinal.
- Técnicas de transmisión de emocións, estudo do xesto, ideas, accións e situacións na produción e recepción de obras de arte volumétricas.
- Principios e fundamentos do deseño tridimensional.
- Proxectos de producións artísticas volumétricas: secuenciación, fases e traballo en equipo.
- Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
2	Procedementos e técnicas de configuración tridimensional.	45

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir materiais, ferramentas e técnicas de creación tridimensional aplicando a terminoloxía específica da materia.	Coñecer as técnicas básicas e as ferramentas e materiais asociadas a elas, sendo capaces de describilas usando a terminoloxía axeitada.	TI	100
CA1.2 - Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	Traballar con autonomía, poñendo en práctica coñecementos técnicos e axustándose aos requirimentos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Elaborar producións volumétricas cunha función comunicativa concreta, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade.	Ser capaz de crear pezas, tanto figurativas como abstractas, tendo en conta non só a aparencia externa, senón os aspectos conceptuais, a estrutura interna e unha intención comunicativa concreta.		
CA3.3 - Analizar os aspectos máis notables da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	Analizar os aspectos básicos da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.		
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuindo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sostibilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Poñer en práctica os aspectos metodolóxicos proxectuais introducidos polo profesorado nas creacións tridimensionais individuais e colectivas e/ou colectivas e ser capaz de deseñar un proxecto sinxelo.		
CA4.2 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos asumindo diferentes funcións, valorando e respectando as achegas e as experiencias dos demais e identificando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional que ofrece.	Levar a cabo as tarefas que se lle asignan na posta en práctica dun proxecto artístico.		
CA4.3 - Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	Ser capaz de crear obxectos cunha finalidade determinada, superando estereotipos creativos.		
CA4.4 - Avaliar e presentar os resultados de proxectos tridimensionais analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido e explicando as posibles diferenzas entre eles.	Presentar e expoñer os resultados dos seus proxectos tridimensionais cos elementos fundamentais: obra/s correctamente acabadas, carteles e folletos, cartelas, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sostibles, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). - As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. - Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción. - As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. - Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas. - Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional. - A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos. - Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos. - Tipoloxías da escultura. Relevo e escultura exenta. - Arte obxectual e conceptual. A instalación artística. Artes performativas. - Técnicas de transmisión de emocións, estudo do xesto, ideas, accións e situacións na produción e recepción de obras de arte volumétricas. - Metodoloxía proxectual aplicada ao deseño de formas e estruturas tridimensionais. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos. Difusión de resultados. - Proxectos de producións artísticas volumétricas: secuenciación, fases e traballo en equipo. - Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos. - Pezas volumétricas sinxelas en función do tipo de produto proposto. Deseño sostible e inclusivo. Sostibilidade e impacto dos proxectos artísticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Análise das obras tridimensionais.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir materiais, ferramentas e técnicas de creación tridimensional aplicando a terminoloxía específica da materia.	Coñecer as técnicas básicas e as ferramentas e materiais asociadas a elas, sendo capaces de describilas usando a terminoloxía axeitada.	TI	100
CA1.2 - Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	Traballar con autonomía, poñendo en práctica coñecementos técnicos e axustándose aos requerimentos.		
CA2.1 - Estudar os aspectos máis notables de pezas volumétricas identificando as diferenzas entre o estrutural e o accesorio.	Ser capaz de estudar e recoñecer os aspectos máis notables a nivel estrutural.		
CA2.3 - Explicar os canons de proporción e os elementos compositivos de pezas tridimensionais de diferentes períodos artísticos dentro do seu contexto histórico diferenciando os aspectos decorativos dos estruturais.	Recoñecer os diferentes períodos artísticos e os elementos compositivos empregados neles e ser capaz de explicalos.		
CA3.1 - Explicar as funcións comunicativas da linguaxe tridimensional en obras significativas de diferentes creadores, desde unha perspectiva intercultural, inclusiva e de xénero, xustificando, de maneira argumentada a relación establecida entre a forma e o contido.	Recoñecer e explicar as funcións comunicativas da linguaxe tridimensional en obras significativas, relacionándoas coa forma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir as calidades expresivas da linguaxe tridimensional nas composicións tridimensionais propostas xustificando a selección das técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados.	Recoñecer e xustificar as técnicas, ferramentas e materiais empregados en distintas obras, explicando como afectan á expresividade.		
CA3.3 - Analizar os aspectos máis notables da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	Recoñecer e describir os elementos básicos do volume de distintas figuras e asocialos aos conceptos de función comunicativa, utilitaria e representación icónica.		
CA3.4 - Analizar as diferentes fontes de difusión de obras volumétricas, apreciando o respecto á autoría e aos dereitos de propiedade intelectual.	Coñecer e diferenciar a calidade de distintas fontes de difusión de obras volumétricas, entendendo cando se está respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sostibles, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). - As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. - Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción. - As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. - Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas. - Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade). - Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional. - A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos. - Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos. - Tipoloxía de formas volumétricas adaptadas ao deseño de obxectos elementais de uso común como medio de estudo e de análise. - Escultura, obras de arte, artesanía e deseño tridimensional no patrimonio artístico e cultural universal e galego. Contexto histórico e principais características técnicas, formais, estéticas e comunicativas. - Tipoloxías da escultura. Relevo e escultura exenta. - A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural. - Arte obxectual e conceptual. A instalación artística. Artes performativas. - Graos de iconicidade nas representacións escultóricas. Hiperrealismo e efectos especiais, realismo, abstracción, síntese, estilización. - As posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional e o seu uso creativo na ideación e realización de obra orixinal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de transmisión de emocións, estudo do xesto, ideas, accións e situacións na produción e recepción de obras de arte volumétricas. - O respecto da propiedade intelectual. Tradición, inspiración, plaxio, apropiación. - Fontes bibliográficas e dixitais de acceso a obras volumétricas de diferentes épocas e culturas: sitios web, acceso dixital a museos, bibliotecas ou coleccións dixitais etc.

UD	Título da UD	Duración
4	O proxecto de creación tridimensional.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	Traballar con autonomía, poñendo en práctica coñecementos técnicos e axustándose aos requerimentos.	TI	100
CA2.2 - Describir formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos tridimensionais aplicando a terminoloxía específica da materia.	Empregar a terminoloxía axeitada na descrición das obras tridimensionais propias.		
CA2.4 - Elaborar producións volumétricas cunha función comunicativa concreta, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade.	Ser capaz de crear pezas, tanto figurativas como abstractas, tendo en conta non só a aparencia externa, senón os aspectos conceptuais, a estrutura interna e unha intención comunicativa concreta.		
CA3.4 - Analizar as diferentes fontes de difusión de obras volumétricas, apreciando o respecto á autoría e aos dereitos de propiedade intelectual.	Analizar o grao de respecto da autoría e os dereitos de propiedade intelectual en obras difundidas a través de distintas fontes.		
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuindo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sostibilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Coñecer a estrutura dos proxectos tridimensionais e ser capaz de deseñar un proxecto sinxelo.		
CA4.2 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos asumindo diferentes funcións, valorando e respectando as achegas e as experiencias dos demais e identificando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional que ofrece.	Levar a cabo as tarefas que se lle asignan na posta en práctica dun proxecto artístico.		
CA4.3 - Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	Ser capaz de crear obxectos cunha finalidade determinada, superando estereotipos creativos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Avaliar e presentar os resultados de proxectos tridimensionais analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido e explicando as posibles diferenzas entre eles.	Ser capaz de comunicar e expoñer o proceso e o resultado dun proxecto artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sostibles, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). - As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. - Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción. - As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. - Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas. - Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade). - Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional. - A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos. - Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos. - Tipoloxía de formas volumétricas adaptadas ao deseño de obxectos elementais de uso común como medio de estudo e de análise. - O respecto da propiedade intelectual. Tradición, inspiración, plaxio, apropiación. - Fontes bibliográficas e dixitais de acceso a obras volumétricas de diferentes épocas e culturas: sitios web, acceso dixital a museos, bibliotecas ou coleccións dixitais etc. - Principios e fundamentos do deseño tridimensional. - Metodoloxía proxectual aplicada ao deseño de formas e estruturas tridimensionais. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos. Difusión de resultados. - Proxectos de producións artísticas volumétricas: secuenciación, fases e traballo en equipo. - Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos. - Pezas volumétricas sinxelas en función do tipo de produto proposto. Deseño sostible e inclusivo. Sostibilidade e impacto dos proxectos artísticos. - Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional vinculadas coa materia. - A propiedade intelectual: a protección da creatividade persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado da materia de Volume desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia ten un carácter eminentemente práctico, activo e participativo pois preténdese que o alumnado, a través de proxectos individuais e/ou colectivos aprenda non só as destrezas, senón tamén os contidos conceptuais propios de cada unidade programada.

A materia de Volume pretende achegar ao alumnado á apreciación das obras de arte e os obxectos de deseño tridimensionais. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar tanto a análise como a práctica do alumnado na creación tridimensional. Trataranse os contidos, fundamentalmente, de xeito práctico, de forma activa, nun espazo de aula-taller, tomando como principio elemental aprender a ver (comprender os estímulos que reciben) e aprender a facer, e dicir, aprender a expresar correctamente as sensacións, emocións, percepcións, reflexións, análises e propostas creativas mediante a metodoloxía de proxectos no ámbito da arte.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Volume debemos utilizar estratexias metodolóxicas variadas. A continuación presentamos algunhas suxestións:

- Levar a cabo unha avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- Que o profesorado expoña cuestións teóricas imprescindibles para o desenvolvemento dos proxectos.
- Guiar ao alumnado na busca de información que complete a presentada polo profesorado.
- Fomentar a ideación e elaboración de proxectos creativos persoais.
- Xerar debates nos que o alumnado expoña os seus puntos de vista, os compare cos do resto do alumnado e poña en práctica o diálogo respectuoso e baseado en opinións fundamentadas.
- Visualizar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- Conectar as propostas dos proxectos co contexto (a contorna, a comunidade educativa, a realidade social...) e coas inquietudes do alumnado.
- Poñer en práctica proxectos no propio centro, para observar o impacto sobre o público.
- Provocar unha reflexión persoal e conxunta sobre o desenvolvemento do proxecto e o resultado final.

No deseño das actividades, terá que considerarse a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se recollen no apartado 9.3 sobre Orientacións pedagóxicas desta programación. Deberán seleccionarse os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador conectado a internet, proyector e altosfalantes.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Aula de informática 1 do centro.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, armarios para ferramentas, vertedoiro con auga, etc.
Materiais artísticos: distintos materiais (barro, escaiola, arame, papel e cartón, materiais de refugallo...) ferramentas e utensilios (gubias, palillos e outros instrumentos para modelar e tallar, alicates, serras, ferramentas de corte, como tesoiras e coitelas, martelos, regras, recipientes e contedores diversos, trapos, bolsas...), pintura, etc.
Materiais de reciclaxe.
Ferramentas específicas de técnicas e procedementos escultóricos (gubias, cinceles, espátulas, caballetes, pistolas de silicona, etc.)

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, como atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado aportará os seus propios materiais para a elaboración de traballos, pero na aula contarase con materiais e ferramentas de todo tipo, para realizar probas, apreciar as súas características e realizar demostracións e comparacións.

Listaxe de material xenérico na modalidade de artes:

Carpeta de debuxo DIN A-3.

Block de esbozo A3.

Lapis de diferentes durezas: HB, 2B, 4B, goma de borrar e afía lapis.

Lapis de cores acuarelabeis.

Rotuladores de cores e rotuladores calibrados negros.

Ceras brandas.

Tinta china e pluma estilográfica con punta fina e grosa.

Acrílicos ou témperas. Cores: azul cian, amarelo, maxenta, negro e branco.

Pinceis de acuarela. Nº6, 8 ou 10 e un pincel plano.

Trapos, paleta e recipiente para a auga.

Taboleiro de debuxo, cinta de papel e pinza para fixar o papel.

Bata.

Pegamento de barra, tesoiras e celo.

Cutter e base de corte (DIN A3). (A base de corte é opcional)

Xogo de regras e compás.

Caixa para gardar materiais.

Arcilla.

O estudo de imaxes e obras en formato impreso tamén é fundamental. Pode recorrerse ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra, e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza- aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos, nalgún caso, coa colaboración do Departamento de Orientación:

- Respecto ao currículo.
- Respecto á forma de traballar na aula.
- Respecto a aspectos organizativos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	15	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia de Volume establecerase a través de entregas de tarefas teórico-prácticas, das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro xeralmente mediante rúbricas e a valoración de cada un deles e comentarios orais, tamén da observación e acompañamento do desenvolvemento das actividades durante as clases.

A porcentaxe na ponderación da cualificación de cada avaliación é a seguinte:

- Traballo práctico: 85%.

Este apartado consiste na avaliación do traballo práctico e o seu proceso de desenvolvemento cara o alumnado será realizado mediante probas escritas e orais e fundamentalmente de tarefas prácticas e de carácter experimental e creativo cun obxectivo realista na creación de obras. A devandita porcentaxe dividirase entre a seguinte tipoloxía de actividades de avaliación:

A distribución desta porcentaxe especificase a continuación segundo a tipoloxía de actividades. Cando o punto 1 ou

3 non se desenvolvan desa maneira, se non mediante o desenvolvemento de proxectos, o peso de 85% aplicarase na súa totalidade nas actividades relativas ao punto 2.

1. Actividades e probas teóricas escritas e orais: probas escritas, actividades, tarefas, cuestionarios, portfolios e proxectos artísticos de carácter práctico e por escrito coa súa correspondente documentación e memoria, traballos de investigación, exposicións orais, etc. (20%)

2. Proxectos volumétricos artísticos e de deseño: desenvolvemento de proxectos artísticos a nivel teórico, técnico e práctico. (50%)

3. Actividades prácticas: desenvolvemento de tarefas cortas de carácter técnico, artístico e experimental que favorezan a aprendizaxe na práctica de procedementos específicos. (15%)

Traballo creativo persoal: 15%.

Este apartado consiste na avaliación da elaboración de proxectos de carácter creativo persoal debidamente xustificadas a nivel práctico e teórico, de maneira que o alumnado elixa, polos seus intereses, o desenvolvemento dun proxecto artístico no que será guiado e acompañado polo profesorado de materia durante cada avaliación. Preténdese valorar os talentos e destrezas do alumnado que, de outro xeito, non se dan a coñecer na aula ampliando así a súa capacidade de emprendemento e estimulando a xeración de ideas autónomas no ámbito artístico. A devandita porcentaxe dividirase entre a seguinte tipoloxía de actividades de avaliación:

1. Actividad de carácter creativo cun desenvolvemento práctico en formato de proxecto artístico persoal.

Ademais, e importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora como parte do proceso de planificación dun proxecto.

Exemplo de indicadores de logro aplicables na proba práctica tipo proxecto artístico:

a) Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 40%

b) Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...). 40%

c) Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%

d) Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, e sigue un proceso de traballo correcto. 10%

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

Segundo as porcentaxes anteriores en cada unha das tres avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación).

CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final obtense da media aritmética das cualificacións finais das tres avaliacións aprobadas.

O redondeo en cada avaliación farase sempre da seguinte maneira: cando unha cualificación alcance nos decimais o 0,50 redondearase por enriba. Por exemplo, o alumnado que obtén un 4,5 terá no boletín un 5.

Crterios de recuperación:

RECUPERACIÓN POR AVALIACIÓN.

- Metodoloxía: seguimento do alumnado por parte do profesorado responsable mediante apoio, tutoría e plans de traballo individualizado e/ou repetición de actividades ademais da organización dos períodos de entrega de actividades.

- Actividades de recuperación para o alumnado:

1. Actividades de carácter práctico: no caso dos traballos non entregados ou probas específicas non superadas que no seu conxunto non desen a media dun 4,5 para aprobar: realizará na avaliación seguinte un plan de traballo establecido polo profesor/a da materia: láminas/actividades e exames baseadas nos contidos non acadados.

2. No caso de exames ou probas escritas realizarase una unha nova proba de recuperación ao final da avaliación ou ao comezo da seguinte, agás no caso da terceira (antes de rematar).

- Cualificación: remítese ás porcentaxes sinaladas neste apartado 5.2 de cualificación por avaliacións, xa que preténdese que o alumnado adquiera os contidos non superados no curso durante este período.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO DA RECUPERACIÓN:

- Metodoloxía: seguimento do alumnado por parte do profesorado responsable mediante apoio, tutoría e plans de traballo individualizado, ademais da organización dos períodos de entrega de actividades.

- Actividades de recuperación para o alumnado:

PLAN DE TRABALLO INDIVIDUALIZADO.

Realización durante o curso dun plan de traballo individualizado establecido polo profesorado da materia: proxectos, tarefas, actividades e probas escritas baseadas nos contidos da materia ao que o alumnado terá acceso,

preferiblemente, a través da aula virtual do centro.

- Cualificación. Media aritmética das actividades, tarefas, portfolios, probas escritas e proxectos artísticos coas súa correspondente documentación e memoria que conformen o plan de traballo individualizado. Se a cualificación da media do plan de traballo é superior a 5 en cada avaliación, o alumnado superará a materia coa cualificación correspondente sen necesidade de realizar unha proba escrita ou exame.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A CONVOCATORIA ORDINARIA E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA.

Seguiranse as mesmas pautas que no apartado 5.2 anterior de recuperación de avaliacións non superadas en base os criterios de cualificación da programación. Para iso realizaranse, segundo cada caso particular do alumnado, actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría durante as clases comprendidas neste período tal e como se especifica a continuación:

- Metodoloxía: seguimento do alumnado por parte do profesorado responsable mediante apoio, titoría e plans de traballo individualizado, ademais da organización dos períodos de entrega de actividades.

- Actividades de recuperación para o alumnado:

1. Actividades de carácter práctico: no caso dos traballos non entregados ou probas específicas non superadas que no seu conxunto non deseen a media dun 4,5 para aprobar: realizará na avaliación seguinte un plan de traballo establecido polo profesor/a da materia: láminas/actividades e exames baseadas nos contidos non acadados.

2. No caso de exames ou probas escritas realizarase una unha nova proba de recuperación neste período baseada nos contidos non superados.

- Cualificación: remítese ás porcentaxes sinaladas no apartado 5.2 de cualificación por avaliacións, xa que preténdese que o alumnado adquira os contidos non superados no curso durante este período.

AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA. Cando o alumnado non presente o plan de traballo individualizado completo ou non sexa correcto polo que non supere a materia, o alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita e/ou elaboración dun proxecto artístico, similar aos traballados durante o curso, coa súa correspondente documentación textual e visual.

Exemplo de indicadores de logro aplicables na proba práctica tipo proxecto artístico:

a) Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 40%

b) Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...). 40%

c) Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%

d) Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, e sigue un proceso de traballo correcto. 10%

MATERIAS E RECURSOS. Para a realización do exame ou proba escrita o alumnado require dun material específico que será concretado no plan de traballo individualizado, recaendo no estudante a responsabilidade de traelo o día sinalado para a devandita proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente axeitada e inclusiva neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta e persoa.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e talentos de maneira que sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto é moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto do alumnado e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado,

as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- Estableceranse materiais didácticos con diferentes graos de dificultade segundo as necesidades do alumnado.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- Seguranse as indicación dos protocolos establecidos no caso de alumnado TEA e TDAH.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as afoutezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.			X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade e experimentación.	X	X	X	X
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

Observacións:

Fomentaremos medidas para a participación en actividades que permita afianzar os elementos transversais citados. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural e necesaria nas unidades didácticas. Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións, farase fincapé na perspectiva de xénero, visibilizando obras artísticas de mulleres e culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte. Como aspecto clave da súa formación, é importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas cara o seu traballo, tanto do profesorado, como dos receptores das súas producións artísticas, ou dos seus colaboradores nos equipos, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente. Tamén é preciso facer actividades vinculadas á educación emocional e en valores a través da xestión das propias emocións nun espazo de confianza e acompañamento seguro como pretende ser a aula. Cabe ter en conta que o alumnado de artes comparte moitas horas nos mesmos espazos específicos co mesmo profesorado facilitando este tipo de traballo vivencial, necesario, transversal e complementario. Trataremos de concienciar da importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir o seu traballo co público e, dada a natureza visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital. Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a prever e resolver os conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Visitas a espazos expositivos da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.	X	X	X
- Visitas virtuais a espazos expositivos.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.			X
- Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigo alumnado do centro que empeza a súa carreira laboral, estudantes...		X	X
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como aos Equipos de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...	X	X	X

Observacións:

As actividades extraescolares posibles para este curso preséntanse a continuación:

- Participación en concursos relacionados coa propia materia o con outras áreas onde se poña en práctica o aprendizaje nas clases.
- Participación nas diferentes actividades realizadas e organizadas polo centro e que estean relacionadas coa materia e cos temas transversais.
- Visita a algunha exposición que se celebre na localidade y que sexa de interese para o alumnado.
- Outras visitas fóra da localidade e que, da mesma maneira, estean relacionados coa materia e cos temas propios de cada curso.
- Preparación de exposicións no recinto escolar e se fora posible nalgunha sala da localidade ou fora desta.
- Saída a unha localidade ou espacio cercano para a realización de obradoiros.
- Saída a illa de Sálvora para coñecer a súa entorna e facer apuntamentos ao natural.
- Saídas culturais de varios días a unha cidade Europea como Londres, París, Roma, etc. Ou unha dentro da península como Madrid, Barcelona, Bilbao, León, Cuenca, Segovia, etc. para visitar exposicións e facer diferentes actividades.

Actividades extraescolares con datas coñecidas no presente curso:

1. Xornadas de Arte e Novela Negra no Festival VII Montenegro. Na segunda avaliación.
2. Saída para facer esculturas de area na praia da Lanzada durante o mes de mayo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consúltase a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
(P) O alumnado foi informado dos contidos, criterios e instrumentos de avaliación e cualificación recollidos na programación tanto de xeito verbal como na web do centro.

Metodoloxía empregada
(M) A metodoloxía do profesorado complementou o traballo e seguimento de xeito individual / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes a partir da súa atención e traballo constante.
(M) Os exercicios propostos son do seguinte tipo: Pechados, dirixidos... / Abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / Facilitan o traballo cooperativo. / Impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplicada: Emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / Baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Ambiente e traballo de aula: Tratando de conseguir un ambiente equilibrado entre traballo, nivel de ruído, confianza e creatividade/ Impartindo teoría e explicacións / Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, a creatividade, a experimentación, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual/ Acompañando ao alumnado os seus procesos.
(M) Motívase ao alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(MR) - Revisase e reponse o material e os recursos necesarios nas aulas específicas ao comezo e final de curso e durante o transcurso do mesmo.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Coñécese a diversidade do meu alumnado: Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / Ler os informes anteriores / Ver os resultados da avaliación / Facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / Facilitánma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...).
(AD) Demostrouse sensibilidade ante os problemas e características do alumnado e as súas diferenzas nos ritmos de traballo.
(AD) Dáselle a cada alumno/a a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Clima de traballo na aula
(CA) - Fómentase un clima de traballo agradable, activo, participativo nun espazo de confianza e respecto no que o erro é unha oportunidade de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
(MR) - Revisase e reponse o material e os recursos necesarios nas aulas específicas ao comezo e final de curso e durante o transcurso do mesmo.
Outros
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo / Traballo práctico/ Proxectos/ Tarefas/ Actividades creativas/ Portfolios.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
(A) Fíxose un seguimento e valoración do plan de recuperación da materia pendente facendo fincapé na implicación do alumnado/familias e o cumprimento dos requisitos para a entrega do material.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación
- (MR) Revísase e reponse o material e os recursos necesarios nas aulas específicas ao comezo e final de curso e durante o transcurso do mesmo.

Estes indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación nas memorias de análise de resultados. Durante o curso farase un seguimento da programación. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e inquéritos ao alumnado.

9. Outros apartados